

organismos competentes, con carácter previo ao inicio das obras.

Santiago de Compostela, dous de xullo de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Resolución do 30 de xuño de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se modifica a composición da comisión de valoración prevista na Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009 e se procede á súa convocatoria.

O 25 de marzo de 2009, no DOG nº 58, foi publicada a Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009 e se procede á súa convocatoria, a cal, no seu artigo 6.5º, establece a composición da comisión de valoración que avaliará as solicitudes presentadas.

A disposición adicional primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, suprime as delegacións provinciais e territoriais existentes das distintas consellerías. A consecuencia obvia é a desaparición da figura dos delegados provinciais, dous dos cales figuran na Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009 e se procede á súa convocatoria como integrantes da comisión de valoración prevista no citado artigo 6.5º (en concreto como presidente e vogal). Tal circunstancia fai necesaria a modificación da composición da citada comisión de valoración.

A disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, establece que quedan desconcentradas nos secretarios xerais dependentes de Presidencia, entre outras, a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito

de competencia, o que lle outorga ao actual secretario xeral para o Deporte a competencia para ditar esta resolución, que modifica a Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009 e se procede á súa convocatoria.

En virtude do exposto e vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación, logo do informe da Asesoría Xurídica deste órgano,

RESOLVO:

Modificar o artigo 6.5º da Orde do 13 de marzo de 2009 pola que se regula o réxime de concesión de subvencións aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para o desenvolvemento de actividades deportivas no ano 2009 e se procede á súa convocatoria, que queda co seguinte teor literal:

«A comisión de valoración estará formada polos seguintes membros:

a) Presidente/a: o/a titular da Subdirección Xeral de Deportes.

b) Vogais:

-O/a titular da xefatura de sección de Axudas e Subvencións.

-O/a titular da xefatura de sección de Programación Deportiva.

-Un/ha técnico/a da Secretaría Xeral para o Deporte.

c) Secretario/a: un/ha funcionario/a da Secretaría Xeral para o Deporte, que participará con voz pero sen voto».

Esta resolución esgota a vía administrativa, e poderase interpoñer contra ela recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, do 6 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2009.

José Ramón Lete Lasa
Secretario xeral para o Deporte